

Cata en liña Ribeira Sacra, San Valentín

A situación de pandemia que estamos a vivir fai que se establezan novas alternativas para a promoción. Neste sentido a **D.O. Ribeira Sacra** continúa coas catas en liña que comezaba este pasado Nadal. Ata o momento celebráronse 3 catas coa participación dunha decena de referencias en cada unha delas. Este mes, aproveitando a celebración de San Valentín, levarase a cabo unha nova cata impartida pola sumiller, **Mercedes González Rodríguez**.

A Cata Ribeira Sacra, San Valentín terá lugar o **xoves, 11 de febreiro, ás 19.00 horas** por streamig (**Zoom, Youtube, Facebook, Instagram**). É necesario inscribirse no correo comunicacion@ribeirasacra.org ata 24 horas antes da celebración da cata, indicando o viño que adquiriu o participante. Unha vez inscritos obterán a ligazón de Zoom e das redes sociais para poder seguir a cata e deixar as súas preguntas ou comentarios sobre cada viño.

A cata é gratuíta e para poder seguila e **participar activamente** é importante contar con algúns dos viños para catar. Incentívase así a compra dos nosos viños nun momento no que as limitacións ao sector da hostalería están a castigar a todos os sectores que lle fornecen. Agora seguir apostando pola calidade dos produtos de proximidade evidencia máis ca nunca que repercute en beneficio de todos.

Os vinos que participan nesta **Cata Ribeira Sacra, San Valentín** son:

- **Viño do Fortes** branco summum 2019 de José Antonio Fortes.
- **Adega dos Beizos** Godello 2019 de Óscar González.
- **Cuesta de los Olivos** Godello 2019 de Finca Millara.
- **Algueira** Mencía 2019 de Adega Algueira.
- **Lagariza** Mencía 2019 de Finca Millara.
- **Val da Lenda** Mencía 2019 de Víctor Manuel Rodríguez.
- **Javier Fernández Mencía** 2019 de Adega Sañas.
- **Campaza** Mencía 2019 de Casa Moreiras.
- **Ámboa** Mencía 2019 de Rectoral de Gundivós .
- **Asolagados** Mencía barrica 2018 de Pilares de Belesar.
- **Finca Cuarta** Mencía barrica 2018 de Rubén Moure.

Os viños para catar poden ser adquiridos en adega, tendas especializadas, supermercados ou a través de internet; na web de cada adega ou a través da cesta de compra á que se pode acceder desde a web [web da D.O. Ribeira Sacra](http://web.da.D.O.Ribeira.Sacra). Comparte desde a casa **O Sabor dunha Paisaxe**. Os vídeos destas catas en directo quedan colgados nas diferentes redes desde as que se emitirá a cata para a súa consulta en calquera momento.